



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Abril 2020


Santiago de Compostela, 05 de xuño de 2020

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Abril 2020

- O Índice de producción industrial (IPI) rexistrou en abril de 2020 un retroceso do 43,0% con respecto a abril de 2019, mentres que a nivel nacional a caída foi do 33,6%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo decreceron un 42,8%, os bens equipo un 67,1% e os intermedios un 40,0%. Pola súa parte, a enerxía decreceu un 20,3%.
- Por ramas de actividade as maiores achegas negativas corresponden á “fabricación de vehículos de motor” que detrae 10,6 puntos, a “confección de roupa de vestir” que minora 5,8 puntos e a “fabricación de produtos metálicos” que resta 3,5 puntos á taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións positivas, só a “industria do papel” acada valores positivos (0,2 puntos).

Índice de producción industrial (IPI). Abril 2020



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de abril de 2020 en Galicia acadou unha taxa interanual negativa do 43,0%, empeorando en 35,8 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (-7,1%). En España rexistrouse un decrecemento do 33,6%, empeorando en 23,5 puntos a taxa acadada no mes anterior (-10,2%).

A declaración do estado de alarma a causa da COVID-19 e a entrada e vigor do permiso retribuído recuperable para os traballadores por conta allea que non prestaban servizos esenciais provocou a paralización de case todo o tecido industrial na primeira metade do mes de abril e unha recuperación escalonada da actividade, o que se manifesta na caída da produción neste mes.

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un decrecemento do 42,8%, o que detrae 11,6 puntos á taxa interanual do conxunto.
- Os **bens de equipo** rexistran un decrecemento do 67,1%, o que minora 15,6 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** decrecen un 40,0%, cunha repercusión negativa de 11,5 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que diminúe un 20,3% e resta 4,2 puntos á taxa de variación interanual.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

As ramas que presentan as maiores achegas negativas á taxa interanual de marzo foron: a “fabricación de vehículos de motor” que detrae 10,6 puntos, a “confección de roupa de vestir” que minora 5,8 puntos e a “fabricación de produtos metálicos” que resta 3,5 puntos á taxa interanual.


No que respecta ás repercusións positivas, só a “industria do papel” acada valores positivos (0,2 puntos).

3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes moveuse entre o -43,0% de Galicia e o -15,0% de Murcia. Presentan taxas interanuais superiores á media estatal: Extremadura (-23,4%), Canarias (-24,5%), Madrid (-25,7%), Andalucía (-27,1%), Castilla - La Mancha (-27,7%) e La Rioja (-32,0%).


IPI abril 2020

Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra+.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Abril 2020

| | ÍNDICE | VARIACIÓNS (%) | | REPERCUSIÓNS (%) | |
|------------------|--------|----------------|-------------------|------------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| Galicia | | | | | |
| Xeral | 59,2 | -43,0 | -11,2 | -- | -- |
| Bens de consumo | 70,2 | -42,8 | -11,4 | -11,6 | -2,7 |
| Bens de equipo | 30,8 | -67,1 | -15,4 | -15,6 | -3,7 |
| Bens intermedios | 71,8 | -40,0 | -13,6 | -11,5 | -3,8 |
| Enerxía | 65,3 | -20,3 | -4,1 | -4,2 | -1,0 |
| España | | | | | |
| Xeral | 68,5 | -33,6 | -11,9 | -- | -- |
| Bens de consumo | 77,1 | -22,8 | -7,8 | -5,7 | -2,0 |
| Bens de equipo | 47,1 | -57,4 | -20,8 | -13,7 | -5,0 |
| Bens intermedios | 69,9 | -35,9 | -11,9 | -11,4 | -3,7 |
| Enerxía | 78,3 | -14,7 | -6,5 | -2,8 | -1,3 |

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Abril 2020

| Ramas | VARIACIÓNS (%) | | | | Ponderacións |
|---|----------------|-------------|-------------------|-------------|--------------|
| | Interanual | Repercusión | No que vai de ano | Repercusión | |
| Total | -43,0 | | -11,2 | | |
| Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire | -14,7 | -2,3 | 0,2 | 0,0 | 22,3 |
| Reparación e instalación de maquinaria e equipamento | -33,8 | -1,1 | -6,7 | -0,2 | 4,1 |
| Outras industrias manufactureiras | -81,2 | -0,5 | -8,8 | 0,0 | 0,5 |
| Fabricación de mobles | -60,8 | -0,8 | -17,9 | -0,2 | 1,1 |
| Fabricación doutro material de transporte | -47,5 | -1,0 | -43,4 | -0,9 | 2,0 |
| Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques | -96,5 | -10,6 | -9,6 | -1,1 | 13,1 |
| Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n. | -36,8 | -0,8 | -14,1 | -0,4 | 2,0 |
| Fabricación de material e equipamento eléctrico | -49,6 | -1,1 | -17,5 | -0,3 | 1,4 |
| Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento | -39,3 | -3,5 | -20,4 | -1,9 | 7,7 |
| Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes | -24,9 | -1,3 | -7,7 | -0,4 | 5,1 |
| Fabricación doutros produtos minerais non metálicos | -62,3 | -1,8 | -23,6 | -0,7 | 2,6 |
| Fabricación de produtos de caucho e plásticos | -65,1 | -1,5 | -18,7 | -0,5 | 2,5 |
| Industria química | -42,6 | -0,8 | -19,1 | -0,4 | 1,5 |
| Industria do papel | 9,3 | 0,2 | 5,5 | 0,1 | 2,2 |
| Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría | -46,4 | -2,0 | -22,3 | -1,0 | 3,6 |
| Confección de roupa de vestir | -93,4 | -5,8 | -27,5 | -1,3 | 4,1 |
| Industria téxtil | -70,8 | -0,5 | -21,8 | -0,1 | 0,6 |
| Fabricación de bebidas | -57,4 | -2,5 | -37,1 | -1,4 | 3,5 |
| Industria da alimentación | -10,2 | -1,5 | 2,4 | 0,3 | 13,2 |
| Outras industrias extractivas | -69,1 | -1,0 | -19,1 | -0,2 | 1,1 |
| Captación, depuración e distribución de auga | * | * | * | * | * |
| Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos | * | * | * | * | * |
| Fabricación de produtos farmacéuticos | * | * | * | * | * |
| Coquerías e refinación de petróleo | * | * | * | * | * |
| Artes gráficas e reprodución de soportes gravados | * | * | * | * | * |
| Industria do coiro e do calzado | * | * | * | * | * |

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Abril 2020

| CCAA | ÍNDICE | VARIACIONES (%) | |
|----------------------|-------------|-----------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| España | 68,5 | -33,6 | -11,9 |
| Galicia | 59,2 | -43,0 | -11,2 |
| Andalucía | 70,3 | -27,1 | -15,2 |
| Aragón | 60,6 | -41,7 | -14,9 |
| Asturias | 65,7 | -35,0 | -13,9 |
| Balears (Illes) | 54,1 | -39,7 | -18,2 |
| Canarias | 70,4 | -24,5 | -7,5 |
| Cantabria | 77,0 | -33,6 | -15,8 |
| Castilla - La Mancha | 72,4 | -27,7 | -11,1 |
| Castilla y León | 56,6 | -40,5 | -15,5 |
| Cataluña | 70,0 | -34,0 | -12,8 |
| Comunitat Valenciana | 66,6 | -37,1 | -11,7 |
| Extremadura | 71,6 | -23,4 | -5,4 |
| Madrid | 78,9 | -25,7 | -8,7 |
| Murcia | 96,0 | -15,0 | -3,7 |
| Navarra | 60,6 | -40,1 | -10,3 |
| País Vasco | 62,1 | -40,1 | -16,1 |
| Rioja (La) | 61,5 | -32,0 | -11,8 |

Fonte: INE